

# BOLETÍN 2024. PREMIOS E DISTINCIÓNS.

## A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

*Numerosos organismos,  
institucións e entidades  
empresariais premian os  
esforzos da nosa comunidade  
universitaria.*

### PREMIOS E DISTINCIÓNS.

A comunidade universitaria está composta por alumnado, persoal docente e investigador e persoal auxiliar e de servizos. Todas as persoas pertencentes a estes colectivos conforman o gran capital desta institución. O seu esforzo de superación, o seu traballo e os seus intereses profesionais e académicos son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto en España como a nivel internacional.

A Universidade de Vigo quere, con este boletín, recompilar toda a información sobre os premios e distincións acadados pola nosa comunidade universitaria ao longo do 2024.


Nas seguintes páxinas poderán atopar información, extraída de diversas novas do Diario da Universidade de Vigo ([DUVI](#)) e outros xornais sobre os mesmos.

---

*“Parabéns a toda a comunidade universitaria  
polos premios acadados durante o 2024.”*

---





Imaxe de 'Comprométe e coida da auga', vídeo gañador do primeiro premio

## DOUS ALUMNOS DA UVIGO, PREMIADOS NUN CONCURSO DE VÍDEOS DIRIXIDO A CONCIENCIAR SOBRE OS ODS

Iván González e José Manuel Fernández lograron o primeiro premio e o galardón á innovación ([Duvi](#))+[info](#).



O profesor e investigador da Universidade de Vigo  
Xavier Labandeira, director de Ecobas

## XAVIER LABANDEIRA, NOVO SECRETARIO XERAL DO POLICY OUTREACH COMMITTEE

A súa misión é, entre outras, a de achegar o traballo dos especialistas aos decisores políticos ([Duvi](#))+[info](#)



Foto de familia do evento

## PREMIO ENXEÑO 2023 Á ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN

Recolleuno a directora, Rebeca Díaz, na gala da IV edición de ForoTelecos Galicia 2023 ([Duvi](#))+[info](#)



As premiadas, xunto a Luis López e a deputada provincial Sandra Bastos. Foto: Deputación de Pontevedra

## OS PREMIOS SOFÍA NOVOA RECOÑECEN O COMPROMISO COA IGUALDADE DE CATRO TITULADAS DO CAMPUS

Distinguen a incorporación da perspectiva de xénero en TFG e TFGM ([Duvi](#))+[info](#)



Foto de familia coas autoridades, as gañadoras deste ano e a dos ano pasado

## VÍDEOS SOBRE CONTAMINACIÓN POR MICROPLÁSTICOS E SOSTIBILIDADE DA ACUICULTURA GAÑAN O CONCURSO MARIE THARP DO CIM

As galardoadas desta segunda edición son Sara Comesaña e Estefanía Pereira ([Duvi](#))+[info](#)



Carlota Fuentes traballando no laboratorio Imaxe: CaixaBank

## UNHA EGRESADA DO CAMPUS, FINALISTA DO PREMIO AO MELLOR TRABALLO FIN DE MÁSTER DA CÁTEDRA AGROBANK

O seu proxecto propón a creación dunha bebida vexetal a base de castaña ([Duvi](#))+[info](#)



Imaxe da obra de teatro

## A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TEATRO UNIVERSITARIO PREMIA A AULA DE TEATRO DO CAMPUS

Polo espazo escénico da súa obra 'As cidades agochadas' ([Duvi](#))+[info](#)



Sofía Martínez durante a competición

## A ALUMNA SOFÍA MARTÍNEZ ACADA PODIO EN TRES CATEGORÍAS DO CAMPIONATO EUROPEO UNIVERSITARIO DE POWERLIFTING

Tamén participou David Pereira, que conseguiu mellorar as súas marcas persoais ([Duvi](#))+[info](#)



Verónica Salgueiriño, Soledad Torres e Ana Mejías co Premio Uviguala 2024

## A UVIGO CELEBRA O 8M COA ENTREGA DO PREMIO UVIGUALA 2024 A ELAS FAN CIENTEC, INICIATIVA QUE “CONSTRÚE UN MUNDO CHEO DE OPORTUNIDADES”


Recolleron o galardón as profesoras Verónica Salgueiriño, Soledad Torres e Ana Mejías ([Duvi](#))+[info](#)



Integantes da Asociación de Debate Universitario da UVigo recollendo o premio. (Foto: UAL)

## A ASOCIACIÓN DE DEBATE UNIVERSITARIO RETÓRICA DA UVIGO GAÑA POR SEGUNDO ANO CONSECUTIVO O TORNEO INDALO


O equipo vigués venceu en Almería á Universidad del País Vasco nunha intensa final ([Duvi](#))+[info](#)



O equipo feminino de balonmán da UVigo impúxose á USC

## VIGO GAÑA O CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE BALONMÁN E BALONCESTO FEMININO E DE BALONMÁN E RUGBY MASCULINO

Pontevedra foi sede un torneo que reuniu 650 deportistas ([Duvi](#))+[info](#)



O equipo creador de BATCH-E durante a presentación do proxecto ao xurado na tarde do sábado

## O PROXECTO BATCH-E PARA RECUPERAR ENERXÍA DOS LOMBOS DAS ESTRADAS GAÑA A FASE VIGUESA DO HACKFORGOOD 2024

Competirá, xunto co segundo e terceiro clasificado, na final nacional ([Duvi](#))+[info](#)



Foto de grupo da entrega de galardóns

## PATRICIO SÁNCHEZ E MARÍA DEL PINO DÍAZ, ENTRE AS PERSOAS GALARDOADAS COAS DISTINCIÓNS AO MÉRITO DEPORTIVO DA XUNTA DE GALICIA

En recoñecemento ao seu labor e traxectoria neste ámbito ([Duvi](#))+[info](#)



Águeda Gómez, Verónica Laíño, Manuel Reigosa, Sandra Bastos, Iria Ollero e Antía Álvarez

## CATRO MOZAS, CATRO EXEMPLOS DA EXCELENCIA ACADÉMICA NAS CARREIRAS STEM, RECIBEN OS PREMIOS GIRL GEEK POWER

Antía Álvarez, Iria Ollero, Julia Escribano e Verónica Laíño, distinguidas polos seus expedientes. ([Duvi](#))+[info](#)

## A ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA ENTREGA OS SEUS PREMIOS DE FOTOGRAFÍA MULLE.RME 2024


A imaxe gañadora foi 'O Comezo', de Aránzazu Berrocal, nos túneles do AVE. ([Duvi](#))+[info](#)



O primeiro premio foi para Aránzazu Berrocal, pola imaxe 'O Comezo' nos túneles do AVE

## O CATEDRÁTICO JOSÉ MONTERO REGUEIRA INGRESA COMO MEMBRO DO INSTITUTO DE ESTUDOS MADRILEÑOS.

Trátase dun centro fundado en 1951 que estuda e difunde a cultura e historia de Madrid ([Atlántico Diario](#)) +[info](#).





O escritor e profesor da Universidade de Vigo ocupa a, ata agora, cadeira de Salvador García-Bodaño Fotos: RAG

## ANXO ANGUEIRA ENTRA NA RAG SALIENTANDO O “FONDO POLÍTICO E FEMINISTA INDISCUTIBLE” DA ‘ALBORADA’ DE ROSALÍA

O escritor e profesor da Universidade de Vigo ocupa a, ata agora, cadeira de Salvador García-Bodaño. ([Duvi](#))+[info](#)



Antón de San Ildefonso, Mara Sanmarco e Uxía Misa

## A UVIGO ESTRÉASE NO CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE SURF CUN BRONCE

A medalla foi para Mara Sanmarco, estudante do Grao en Comercio. ([Duvi](#))+[info](#)



Foto de familia do equipo de loita olímpica da UVigo

## A UVIGO REPITE COMO SUBCAMPIOA NO CEU DE LOITA OLÍMPICA E ACADA UNHA PRATA E UN BRONCE NO CEU DE ATLETISMO

Cristina Rodríguez, Saúl Bello e Iago Fernández acadaron os metais en loita. Pola súa banda, Jacobo Soler e Xiana Lago foron os medallistas en atletismo. ([Duvi](#))+[info](#)



Na regata mediuse o alumnado do campus e da ENM

## A UVIGO IMPONSE NO II TROFEO RÍA DE PONTEVEDRA

Unha regata de bateis enfrontou ao alumnado do campus pontevedrés da Escuela Naval Militar. . ([Duvi](#))+[info](#)



Os catro integrantes do equipo da UVigo

## A UVIGO, BRONCE POR EQUIPOS NO CEU DE BÁDMINTON

Antonio Iglesias obtivo a medalla de prata na competición individual. ([Duvi](#))+[info](#)




## FALLADO O III PREMIO XURÍDICO DE INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA XOSÉ LUÍS FRANCO

Os traballos versan sobre liberdade vixiada, a crise dos pellets, a ocupación de vivendas e a IA. ([Duvi](#))+[info](#)



## UN ARTIGO SOBRE A PENA DO EQUILIBRIO DE PONTEAREAS RECIBE UN PREMIO INTERNACIONAL DE XEOLOXÍA.

Desenvolvido por un equipo de investigadores do Cintex ([A Voz de Galicia](#)) +[info](#).



Laura Alonso, nunha presentación do Inventario Forestal Continuo de Galicia

## A SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CIENCIAS FORESTALES RECOÑECE A METODOLOXÍA PARA CARACTERIZAR O MONTE GALEGO DISEÑADA NA UVIGO

A tese de doutoramento de Laura Alonso acadou un accésit nos Premios Universitarios da SECF. ([Duvi](#))+[info](#)



O catedrático Xosé Henrique Vázquez

## XOSÉ HENRIQUE VÁZQUEZ, NOVO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ECONOMÍA E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

O catedrático da UVigo e investigador de Ecobas considera “unha honra” a súa elección. ([Duvi](#))+[info](#)



Ortiz recolleu o premio de mans do presidente do clúster, Francisco Álvarez

## O CLÚSTER DA BIOMASA PREMIA A TRAXECTORIA INVESTIGADORA DO CATEDRÁTICO LUIS ORTIZ

Destaca a súa faceta de “precursor nos estudos de densificación da biomasa”. ([Duvi](#))+[info](#)



Dopico, á dereita, xunto a dous dos gañadores dos premios da academia, Leandro Cano e Carlota Barrera

## A PROFESORA LOLA DOPICO, MEMBRO FUNDADORA DA ACADEMIA DA MODA ESPAÑOLA

Promovida pola Fundación Academia de la Moda Española, esta iniciativa botou andar co nomeamento de 129 académicos e académicas fundadores. ([Duvi](#))+[info](#)



O equipo da UVigo recibindo de mans de responsables de Enaire o premio

## UN EQUIPO DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA GAÑA O CONCURSO DE IDEAS DE NEGOCIO EN XESTIÓN DO TRÁFICO AÉREO

O certame está convocado por Enaire, o xestor da navegación aérea en España. ([Duvi](#))+[info](#)





Alberto Gutiérrez e Wendy Fernández cos seus premios

## WENDY FERNÁNDEZ E ALBERTO GUTIÉRREZ GAÑARON A 3ª EDICIÓN DO CERTAME DA UCC+I

A divulgación da reprodución do peixe espiñento e das bacterias fanse co concurso de Youtubers científicos ([Duvi](#))+[info](#)



O equipo español alzouse co ouro tras derrotar a Francia na final. Foto: Real Federación Española de Balonmán

## DÚAS ALUMNAS DO CAMPUS ÁLZANSE CO OURO NO CAMPIONATO DO MUNDO UNIVERSITARIO DE BALONMÁN

Maidier Barros e Aitana Santomé formaban parte das 14 integrantes da selección española. ([Duvi](#))+[info](#)



Iglesias recibiu o seu premio, unha escultura de Moisés Iglesias, de mans do director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén. Foto: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa

## PREMIAN UNHA INVESTIGACIÓN QUE TRANSFORMA PLANTAS INVASORAS EN MATERIAIS E ELEMENTOS ARTÍSTICOS

Os Premios Cámara de Comercio-Ence á Innovación Forestal recoñecen a investigación de Antía Iglesias. ([Duvi](#))+[info](#)



A artista, tras recoller o galardón. Foto: Premios da Crítica de Galicia

## ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA: “O PREMIO DA CRÍTICA DE GALICIA É UNHA MOTIVACIÓN PARA SEGUIR NO CAMIÑO QUE VAS DESENVOLVENDO”

O xurado destacou a exposición retrospectiva que protagonizou o pasado ano no CGAC. ([Duvi](#))+[info](#)



Alba Vidal logrou o primeiro premio de Debut 2024 cunha colección inspirada no cine de Wong Kar Wai

## DEBUT PREMIA A ALBA VIDAL NA EDICIÓN NA QUE CONMEMORA OS 20 ANOS DOS ESTUDOS DE MODA NA UVIGO


Nun desfile no que presentaron as súas coleccións 14 novos titulados e tituladas. ([Duvi](#))+[info](#)



María Loureiro, nun acto celebrado en Pontevedra

## DISTINGUEN Á DIRECTORA CIENTÍFICA DE ECOBAS CO PREMIO MARÍA JOSEFA WONENBURGER

María Loureiro é a responsable deste centro de investigación interuniversitario. ([Duvi](#))+[info](#)



No consorcio do proxecto Chiral-Pro estarán as universidades de Vigo, Amberes e Michigan e o CIC biomaGUNE

## LUIS LIZ ACADA UN SYNERGY GRANT CUN ORZAMENTO DE 9 M€ PARA DESENVOLVER NANOPARTÍCULAS Á CARTA

No consorcio do proxecto estarán as universidades de Vigo, Amberes e Michigan e o CIC biomaGUNE. ([Duvi](#))+[info](#)



O profesor Liz Marzán acompañado polo presidente da Accademia, Roberto Antonelli, e o vicepresidente, Carlo Doglioni

## NOMEAN AO PROFESOR LUIS LIZ MARZÁN MEMBRO DA ACADEMIA NACIONAL DE ITALIA

Foi investido como académico estranxeiro. ([Duvi](#))+[info](#)



Foto de familia do persoal do CIM

## O CIM RECIBE O PREMIO IPFEST 2024 POLA SÚA COMUNICACIÓN NA TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

Pola actividade Embárcate co CIM: edición empresas e entidades colaboradoras. [\(Duvi\)+info](#)



## GABRIEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DOCENTE DA UVIGO, PREMIO XELA ARIAS POLAS SÚAS TRADUCIÓNS.

Nado no Carballiño conta cunha ducia de traducións de literatura xaponesa en galego. [\(Atlantico\) +info](#)



## BELÉN RIVEIRO, PREMIO RAGC-UIE PARA INVESTIGADORAS E INVESTIGADORES NOVOS NO EIDO DAS CIENCIAS TÉCNICAS

Polo seu labor na avaliación de estruturas de enxeñaría civil para previr colapsos en pontes. [\(Duvi\)+info](#)



O galardón foille entregado no transcurso do V ForoTelecos de Galicia que tivo lugar en Lugo

## O CATEDRÁTICO FERNANDO PÉREZ RECIBE O PREMIO ENXEÑO Á EXCELENCIA NA INVESTIGACIÓN EN TELECOMUNICACIÓN E TRANSFERENCIA Á EMPRESA

A distinción outórgaa polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación de Galicia. [\(Duvi\)+info](#)

---

#### UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Edificio anexo a xerencia.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: [https://uvigo.gal/uvigo\\_gl/administracion/analises-programas/index.html](https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/analises-programas/index.html)

# Universidade de Vigo